

Núm. 65.

Tomo 6.

nós

CATILLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1º—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Río, poema por EUXENIO MONTES.

Fabricio del Dongo e Federico Moreau, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

A nascencia do xeneral La Carrera, Comunicazóns de A. TABOADA ROCA.

Armórica e Galiza, por S. N.

O Termo Confurco, por AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

As industrias líticas da Guardia,—Novas estazón, por MANUEL F. COSTAS.

Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 15 de Maio do 1929



Núm. 65

RÍO

*E nin siquera tí, río,
has de poder ir ó ceo.*

*Acádate a mar en éxtasis
pra levarte nun veleiro,
con duas nubes por velas
e co orballo por remo.*

*Sete cabalos te acadan,
ensillados por o inverno,
sete coores por esporas,
briznas de vento por freno.*

*Mais nin siquera tí, río,
has de poder ir ó ceo,
que eres vento arrepentido,
que eres terra e non luceiro,
ensoño que soña o mundo
pra esquencarse que é penedo.*

EUXENIO MONTES

(Do libro «Versos a tres cás o neto», que vai aparecer editado por NÓS).

Fabricio del Dongo e Federico Moreau, ou dous tipos da paixón romántica

«La Chartreuse de Parme» foi publicada no 1839, «L'Education sentimentale» no 1869; seus herois respeitivos Fabricio del Dongo e Federico Moreau ofrecen un suxestivo tema a calquer meditación sobre as formas da paixón romántica. Romántica? Ademásimos a palabra sin medo. Nhai outra mais xusta pr'o tempo e o significado. ¿Que se propuxeron Stendhal e Flaubert?

Dende logo non se pode dubidar da idea stendhaliana. O autor crea o vivir psicolóxico qu'il houbera desexado. Non sabemos hastra que punto apreciaba o medio italiano dos anos 25 e 30. Pol-a nosa parte non concebimos un Stendhal vivindo, contento, na democracia. Pol-o menos na democracia trunfante, que demarca demasiadamente os dreitos da paixón. Stendhal non pode alentar n'unha atmósfera estática. Seu «ego» poderoso formouse no ronsel de Napoleón. Non do Emperador. Do xeneral Bonaparte que tendo 27 anos era o mais vello dos soldados qu'invasiron a Italia o 1796. O Bonaparte enxoito, pequeno, febrecente da ponte d'Arcole. A marellesa revolucionaria e moza, non o himno imperial. A novedade da espada que rachou abismos novos sementando lóstrigos de paixón.

Os tempos eran ben diferentes pr'o solitario de Croiset. Comparado con Stendhal, Gustave Flaubert aparece ordeado, tranquilo, escéutico. Vive com'un burgués e satiriza á burguesia. Pra encobrir a sua tráxica e intema contradiución adicase a traballar seus libros c'un mimo e técnica de obreiro. Procura unha perfección: ten agudizado senso do límite. Pode ser un mestre pr'o espiritos feitos; non'o entenderon os que temen com'a morte, chegar a facerse algúndia. O exotismo é unha pequena axuda, un espellismo coscente, pra engañar á metódica do vivir cotidián. Apesares da sua procu-

rada ouxetividade e da sua indefrenza, percibese en Flaubert unha tristeza. En Stendhal a vida non deixa compretar unha páxina, nin perfeizar un tipo, nin coidar do estilo. ¿Pra qué? Mais qu'a groria artística, soña c'a groria dinámica do espírito ceibe. Malo ou bó, é o seu. Quer vivir e vive. ¿Porqué sempre sobr'un paisaxe italiano? Os Alpes enseñáronlle o camiño da terra menos burguesa da Europa.

Na selva da «Cartuxa de Parme» trunfa a superior paixón de Fabricio del Dongo. Hastra que punto se pode comprehendelo n'outro país e goberno? Chegaría a xefe do estado, a guia das moitedumes: é dicir, a deixarse moldear polos máis. A pior disgraza pra Stendhal. Por unha crara contradición ama o país que non tendo vida política disfruta de todolos luxos do sentimento, e teoriza o amor sin ambición, a ambición sin o diñeiro, a libertade sin a lei, a beleza artística sin o catálogo crítico, o vivir pracenteiro sin o imperio da prensa, o orgullo sin a vanidade, o pecado sempre novo sin o prexudicio de crebar unha moral. O maldizo despotismo afina a sensibilidade, a astucia, a verba, presta gostosa lediza o prohibido, garda no pobo tod'a istintiva forza non encoberta pol-o uso dos dereitos políticos. Stendhal gran leitor de Rousard e amigo dos castelos do Loira, atopa unha Italia do século dazaseis e non bota moi en falta a ausenza da *Ilustración*. Fabricio del Dongo mozo de casa grande rebélase contrá dogmática da casa. Marcha con Napoleón. Asiste a batalla de Waterloo. Está demostrado qu'a impresión d'ela na «Cartuxa» está feita con anacos de combates da primeira campaña de Italia. Quizais precisamente por iso figura nos Manuales como cadro fiel de pintura histórica. Del Dongo nace c'un privilexio d'amor e de mando. Fa-

cendo todo o contrario do qué lle convén alcanza todolos fis, sin traballo, sin esforzo, com'a cousa mais natural do mundo, porque tén o amor das mulleres, a envexa dos homes e un tipo de xoven cardeal nepote. Apesares das prisiós, dos odios e dos combates, il trunfa sinxelamente como de dereito llé debido pola superioridade do seu tipo, superioridade qu'il endexamais razonou. O amor atromentado da maravillosa condesa de San Severino, o amor inocente de Clelia Conti, todolos mais pequenos amores de momento, sonlle rendidos com'un tributo natural. Conserva a sinxeleza d'un gran neno, tod'o contrario da traballosa e calculada sistemática conquistadora do D. Xohan. As amantes non teñen porque queixarse d'il pois non poden situarse ó nivel do que é por natureza principe, gran principe intuitivo. ¿Quer isto dicir en Fabricio unha imposibilidade? Non. A imposibilidade siñifica o resultado d'unha longa loita. E un remate, Fabricio está sempre comezando, sempre n'unha adolescenza non morrida pola razón nin polo feitizo do desconsolo. É un gran sportivo que com'os nenos non ten vergonza de chorar nin d'empregar astucias de rapaz. Ten a relixión do neno, a eleganza da caste, a seguridade da beleza do lago d'Garda. Todolos mais persoaxes da novela gástanse en sabios esforzos d'ambición, d'amor, de disimulo, en todalas artes que crían enrugas na pel i-esprencia na conduta. Fabricio en todolos instantes sinceiro non s'estrana de ser arcebispo mais ó morrer Clelia, il morre tamén na

Cartuxa, naturalmente c'a lóxica da paixón indiscutida. Demasiado novo pra sentir remordemento ou desespero. Con bágoas, amor e creencias de adolescente. «La Chartreuse» é a novela menos literaria que se podía maxinar, o que realza a sua incomparabre riqueza psicolóxica.

En troques «L'Education» deixa traslocir demasiadamente ó literato. Federico Moreau razona a sua paixón. Sistemáticamente fracasa como fracasan todolos seus amigos, tod'o seu tempo. A causa quizais sexa o nativo burguesismo de Moreau. Un pequeno fidalgo de Nogent-sur-Seine parécese moito a un gran burgués. O libro está concebido en pequeno, adrede. ¿Quixo Flaubert unha sátira ou unha elexía? Os tipos secundarios esquematizados afogan a mocedad de Moreau. Fáltalle a força da intuición; calcula moito con pouca força de caraute ó alcance da mán. Na «Chartreuse» ronsela tod'o largo da novela unha lembranza de Marengo. O antigo réxime fáise mais fino e solit pra matar aquila lembranza. N'a «Education» oscilase antra pequena repúbrica do 48 e o imperio do 51 despois do pariaugas de Lois Felipe. Hai a concenza d'unha disminución. Federico Moreau garda sempre un grande amor: o dos dazoiros anos, mais maximado que real, e fáille instantáneamente traición pra volver a il com'a primeira pureza. Chega ó final das illusíos hastra satisfeito de ser un regular burgués. Il non morrerá por ningunha paixón. No tempo de Flaubert había xa demasiada intelixenza no mundo.

R. OTERO PEDRAYO.

A NASCENCIA DO XENERAL LA CARRERA

COMUNICACIÓN PRESENTADA AO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

A biografía de tan valente militar publicada por Vesteiro Torres na «Galería de Gallegos Ilustres» tenno por galego. O historiador Murguía coidaba o mesmo. Martínez Morás—nun traballíño que lle adicou, no

N.º 22 do B. da R. A. G.—non se astreveu a facer afirmación algúns sobre este punto.

O hachádego da partida de nacemento do Xeneral, por meu bon amigo o Comandante

de Infantería e gran xeanoloxista D. Xohan Moreno de Guerra, proba qu'estaban trabucados os referidos escritores.

Copia: «—Volumen 54 Fol. 6. (Vicariato General Castrense). «En la ciudad de Málaga en diez y nueve días del mes de agosto del año mil setecientos setenta y cinco. Yo Dn. Juan Soriano Prepósito de la congregación de Sn. Felipe Neri de ella con licencia de Dn. Damián García de la Yedra Capp. del Primer Battn. del Regito, de Infantería de la Princesa Baptizé en la Igla. de los Sts. Mártires de la expresa ciudad un hijo de Dn. Luis de la Carrera Capitán de una de las Compas. del citado Battn. y Regimiento, natural de Luzena y de Da. María Antonia Huet su legítima mugr. de Alicante nació el dia diez y siete de dcho. mes llamose Martin María de la Asunción Pablo Joseph fué su padrino el hermano Luis Cubero de la misma Congregación a qm. la cognición espiritual y obligación qu. contrajo Abuelos Paternos Dn. Franco. de la Carrera Natl. de Lora del Río y Da. Isabel Alvarez de Sotomayor de Lucena: Maternos Dn. Luis Huet, Natl. de Liorna e de Da. Barbara Bontempo de Genova y lo firmo—Por la salida del Regmt. no pudo firmar esta Parda. el que hizo el Bautismo y en su defecto lo ejecutó como capp. del Regmt. Damiano García de Yedra—rubricado.»

Non era inorrido entre nós iste apellido. Sin ir mais lonxe, na freigresia de S. Martiño de Gondilín (Melide) según o padrón do Catastro do ano 1753 eran vecíños d'ali, entre outros: D. Carlos Martín La Carrera e Mirasol, casado con Da. Micaela Cornexo e Salazar. A casualidade de ter o mesmo nome que o xeneral fixome cavilar si se trataria do pai, e comenciei a averigualo:

No arquivo parroquial de Gondilín faltan cuasimamente todas as partidas da derradeira mitade do siglo XVIII.

Na casa en que vivira D. Carlos Martín La Carrera dixéronme que non tiñan vellos papeles, que a casa fora muy rica, pero unha Da. Micaela gastara o caudal nun pleito coa casa das Figueiras. Atopei, no arquivo do Pazo de Sta. María de Melide, a executoria do pleito (1); pero por ela soilo soupen que Dn. Carlos Martín La Carrera fora xuez do Coto de Sant. Antoiño de Toques.

O Xefe do «Archivo General Militar de Segovia» dime: En el expediente personal del Mariscal de Campo Dn. Martín La Carrera y Huet, muerto el 26 de Enero de 1812 en Murcia, peleando él solo contra siete franceses, no hay constancia del lugar de su nacimiento y los nombres de sus padres». Mais, non hai moito tempo, tiven a ocorrência d'escribirlle sobre esto ó referido amigo e a correo seguido mandoume dita partida de nacemento e mais a de defunción de don Luis La Carrera.

ANTÓN TABOADA ROCA.

Melide, Febreiro do 1929.

(1) «Real carta ejecutoria ganada a pedimento de D.^a Micaela Curneo y Salazar viuda de D. Domingo Antonio Brabo Viza, de la Ciudad de Santiago; del que en esta Real Chancillería a litigado con D. Pedro Varela Fondevila y Berea, abogado de la Real audiencia de La Coruña Viza, de dicha ciudad; sobre la nulidad o validez del remate y venta judicial de varios vienes en favor de dicho D. Pedro y otras cosas».

Tamén se guarda no mesmo arquivo dos herdeiros de Vicente Somosa usha información de nobreza feita a pedimento de «D. Miguel de las Muñecas maiz de Salazar» (abó materno da D.^a Micaela) vecíño do lugar do Casal, de Sta. María de Camopos (Melide) en que proba sua filialga por liña recta de varón «como descendiente de la casa yndianzona de Las Muñecas situada en el dicho Concello de Sopuerta» (Vizcaya). Está escrita a varias tintas e ten pintada en colores, sobre pergaminho, o escudo d'armas. A causa de parar tales documentos foi porque dita D.^a Micaela tivo unha irmá chamada D.^a Josefa, casada con D. Carlos Somaza e Arias-Noguerol, de quienes descenden os actuales donos e o que esto escribe.

NÓS PÚBLICARÁ AXIÑA

VERSONS, A TRES CÁS O NETO, por Euxenio Montes.

PELERINAXES (tomo I, con dibuxos de Risco), por Ramón Otero Pedrayo.

ENXANGADAS e O CONTO FOI..., por Victoriano Taibo.

A MORTE DE LORD STAÜLER, por Alvaro M.^a Casas.

NEMANCOS, por Gonzalo López Abente.

ARMÓRICA E GALIZA

A relación antr'as duas terras célticas—os dous Fisterres, as duas Oestrimnides—encomenzou baixo os millores auspicios. Traducimos eiqui de *An Oaled*, a nota que o bardo Taldir adica a

Os gallegos d'Espanha

«O Francés é un Señor condecorado e qu'ihora a Geografía. Pódese incluir ao Bretón na mesma categoría. O ensenho dado nas escolas estatistas é de tal xeito *chauvin* qu'apenas si se consinte en abrir aos rapaces unha pequenina fenestra car'o Estranxeiro.

«Eu non sei ren das razós d'Estado que pode ter Anastasia pra suprimir dos grandes giornais toda sorte d'información seria que veña da Espanha nin que tratado nos avencella as maus por frente do seu soberán. Esta non é cousa miña.

«Mais eu vexo que nós non sabemos ren (M. Maric Roustan teno dito no Senado) do que pasa na Península Ibérica no tocantes ás Letras, ás Ciencias e ás Artes.

«É mais hai aló pol-o menos duas grandes Provincias que deberan reter toda a nosa atención, e son a Cataluña e a Galiza, unha ollando o Mediterráneo, e outra o Atlántico. A Cataluña. De nome tan Galo... É o mesmo Chefe *Catullon* quen deixou o seu vocabulo guerreiro na *Catalaunia* da Espanha e nos Campos *Cataldunicos* na França. Os Catalás son de raza céltiga, incontestablemente. Ja falaremos d'iso mais longamente; hoxe volvamos a nosa ollada car'o lado da Galiza, ise «Finisterre» ibérico, onde 3 millóns d'habitantes irredentistas, aturan o jugo de Castela.

«Iles chámase a si mesmos no dialecto, O Pobo Galego, ou seña *Ar Bobl Galleg* (le Peuple Gallique), e teñen unha Literatura, unha Arte; unha Arqueología, que non é nin española nin mourisca, senón celta. A carai-

terística da sua raza é a saudade din illes, ou seña de ser *sauvage*, «frondeuse», «legère», como acostuman de presentar aos Celtas. Iles imitanse moito aos Bretós e aos Irlandeses pol-o seu Cristianismo primitivo. N-outro tempo, expón um dos seus líderes, Vicente Risco, a Galiza era independente, e fai 50 anos, constituyeron un partido que reclama a Autonomía integral».

Reproduz despois duas cartas do noso Director, e remata anunciando a chegada do Castelao: «Non compre que digamos que o Señor Castelao ha ser benvido nos meios Bárulos de Breiz, e que istos hanlle facilitar na medida das suas forzas a misión de relación cultural de que os seus compatriotas o encarregaron pr'a nosa península».

Outra voz amical veuse juntar co-a do generoso Taldir: é Mr. François Jacob, bardo Dartorig, quen dirige ao noso Director a seguinte carta:

«No derradeiro número da revista bretona *An Oaled*, leñ a vosa profesión de fé céltiga e o voso chamamento aos vosos irmans celtes da Bretaña... Eu son ditoso de vos dal-o parabén pol-o nobre ideal que vos anima e d'abrir con vosco relaciós epistolares que han ir, eu espero, deicás intimas relaciós da amizade e da fraternidade.

«Bardo do Gorsedd de Bretaña exilado en Occitania, sigo co meirande intrépidos manifestacións intelectuais que a ideia céltiga fai xurdir; pra min, o voso pobo da Galiza é unha nación da nosa raza céltiga; si as vicissitudes da vida si a políteca dos principes, si o azar ou o fado da Providenza, vos incorporou ao gran pobo español, cuia historia admirábele m'encantou, eu considero vos sempre coma parentes infortunados... e si antre vós a vella língua que ainda vive ante nós, tanto nas illas coma no continente, desapareceu de todo, o voso espírito non se modificou e sigue sendo céltigo. Tamén, cando nos tempos heroicos partiu d'Asturias

e de Galiza o maníaco movemento liberador cuio coroamento foi a expulsión dos Arabes da península ibérica, era o espírito endejamais vencido dos vellhos Celtiberos e o dos Gaélicos o que o animaba... Latinos puros tiveran a coraxe d'emprendelo... mais a tenacidade pra levalo á vitoria houbéralles faltado. Pobos da Galiza, vos sodes idealistas... é un irmán da Bretaña quen volo di: E o voso idealismo é com'o noso... Despreciando o diñeiro é o mercantilismo que é patrimonio amiudo dos imbeciles, vos ollades mais outo. E o voso espírito domina as contingencias d'iste baixo mundo... Que aquiles que aman o baixo da vida s'enzoufen n'il... Nós lembraremos que temos unha alma espiritual que precisa unha mantenza mais idealista... Os pobos d'Europa están chegando á hora da morte porque o pasado e o espírito das suas razas nonos encantan já.

«Mais ha vir un dia en que somentes han vivir as nacións que teñan tratado de quedar sendo elas mesmas. A Irlanda, tanto tempo mártir, esperta. A fé céltiga renace en Galicia. A concencia bretona afirmase en Bretaña... e ainda na Cornualles ingresa, pónense

a estudal-a língua celta, desaparecida hai un século... E veleiquí que a Galiza ven tamén a afirmalo seu desexo de renacencia...

«O Deus dos Celtas nos junta... e eu abessullo o dia en que en col da pedra de Ponteareas iremos programar a nosa fraternidade e as esprazas da nosa raza imortal... Agardando ise día, recibide, querido señor, o mais fraternal apretón de maus.

«A galon é Karauté hur gouen».

J. M. François Jacob

As relaciós ficam abertas, e os homes de pensamento das duas terras célticas juntan os seus curazos na mesma generosa espranza. Agora compre intensificalo intercambio de libros e de revistas. No número que ven, adicaremos un longo espazo ao estudo do movemento bretón e das persoalidades dos bardos Taldir e Dariorig.

E non debemos esquecer de ningún xeito que tamén debemos isto ao noso grande e ilustre amigo Philéas Lebesgue, druída Ab Gwenc'hlan.

S. N.

O TERMO "CONFURCO"

¿CÁL É O SEU ORIXE?

Custeada pola Deputación Provincial de Pontevedra, publicouse no ano de 1904, unha obra do moi erudito e sabio escritor pontevedrés D. Celso García de la Riega, tan discutido ogano — dimpois de morto — pola sua tese do orixe tamén pontevedrés de Cristóbal Colón.

A obra de referencia, titulase *Galicia Antigua*, i-está formada por catorce traballos de Xeografía e d'Historia da nosa rexión. No séptimo d'eles, discurre o autor sobre do tema «O culto á serpe e a outras divindades». E niste traballo, falando do termo *Confurco*, nome con que se distinguen al-

gún montes e lugares de Galiza, dalle unha esprizacón que non me parez acertada.

Ora vamos ver.

«... *urco* se llama una fiera fantástica que desde tiempos antiguos figura en fábulas, leyendas y cuentos galaicos.» Así dí o señor García de la Riega. E mais abaixo agrega:

«En dialecto gallego, *con* es piedra grande más o menos redondeada y sin aristas.» Pasemos polo *dialeito*, e sigamos:

«... *f*, según todas las probabilidades, expresa agujero en lenguas celtas. Si tales elementos forman el vocablo *Confurco*, y así puede creerse, esa denominación proviene de algún cuento fantástico, o revela la

existencia antigua de un altar a la serpiente o dragón...»

Co respecto que merez a boa memoria do Sr. García de la Riega, que tantos errores desfixo no seu referido libro e mais n-outros dos seus traballos, hei decir o que coido d'ista espricazón da verba *Confurco*.

Nótese que non traducín o que di o señor García de la Riega, pra que naide tefía o direito de decir qu'alterei o testo comentado. E vámol'andando.

O falecido escritor encomenza á espricar o termo *Confurco* pol-a derradeira parte. Eu vou comenzar ó direito, ou sexa pol-a primeira parte.

Con, efectivamente, quer decir en galego pedra. Cuveiro di no seu *Dicionario Gallego*:

«Con = peñasco.»

Valladares, no seu *Dicionario Gallego-Castellano*, esprica o sinificado d'este termo, da mesma maneira.

E Leandro Carré, no seu *Dicionario Gallego-Castellano*, dalle a mesma definición.

«Peñasco. Peña grande y elevada.»

Non hai dúbida, pois, de que *con* é pedra grande.

Imos ver agora a segunda parte da verba. Pra García de la Riega isa segunda parte

parte é o termo *fi*; mais pra mí é tod'o resto do termo: *furco*.

Mais ¿qué o que ven a ser *furco*?

Según Cuveiro, «sesma o la sexta parte de una vara, o sea la medida que resulta desde la punta del pulgar a la del índice, abierta la mano.»

Valladares dalle a mesma espricazón. E no *Dicionario Popular* (portugués) de Augusto Moreno, socede o mesmo.

Temos, pol-o tanto, tres testimonios de moito valor.

Mais diránme qu'a medida *furco*, ou sexan dous terzos do palmo, non é cousa que tefía que ver co tamaño ou grandor d'un *con*. Certo.

Pro é que *furco* tamén sinifica outra cousa: lousa de pedra. E eiqui temol-a analoxía.

Antr'os canteiros—cando menos por ista banda—chámaselle *furco* á lousa de pedra que ten de grosso un *furco*, ou sexa a que é mais delgada qu'un perpiaño de coarta, ou de palmo, que ven sel-o mesmo.

Pol-o tanto, se *con* sinifica penedo, e *furco* lousa de pedra, coido eu que se debe buscar n-istes dous termos o orixe da verba *Confurco*, e non no *fi* kimrico e no *urco* popular. ¿Non é verdade, leitor?

VELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

AS INDUSTRIAS LÍTICAS d'A GUARDIA

NOVAS ESTAZÓN S

(*Proseguimento*)

Recollín *pontadas* e machados ó pé do Hospital.

Na rede de congostras e camiños que levan dende o Calvario e S. Roque á beira-mar d'A Guardia, véñense no chán e nos murros pezas aproveitables.

¿Qué mais, si un dia atopei n-unha rúa d'A Guardia, descarnada pol-as fortes chu-

vias do 26 de Agosto, mesmo frente ó Convento, un intresante pico tallado por ambas faces? (1)

Un día rubindo por un camiño que dende a estrada de Bayona leva á estrada de Tuy

(1) Entregueille momentos despois ó Sr. Salustiano González coa destino ó «Seminario de Estudios Galegos» de Santiago.

(V. gráfico fig. 1) víñ varias pedras talladas, antre elas unha nucleiforme que recorrián por xulgar intresante. Souben despois por meu amigo D. Xulián López que aquil lugar «Sete Camiños» é o mesmo a que se refire o P. Jalhay no seu artigo «El Asturiense en Galicia». (1)

En resumo, que o material é moi abundoso, e que en todos os puntos da beiramar onde o procurei, acheino. En todos as fendas que fan os penedos, nos cantos mais

O Conde de la Vega del Sella (1) i-o Professor Obermaier (2) foron os primeiros en matinar que o *asturiense* debía estenderse por Galicia. O Padre Jalhay (3) engadiu que a industria espallariase tamén por outros lugares de Galicia e da costa portuguesa.

O MATERIAL

Os picos.—Son os instrumentos que mais abundan e que más caracterizan ista indus-




Fig. 2.

afastados, onde hai seixos aparece sempre ista industria.

Teño o convencimento de que en toda a costa galega hai seixos lascados, i-los invitado a cantos viven perto do mar e sexan afiezados a istos estudos, a que fagan investigacións nos depósitos de cuarzos rolados, e seguramente non perderán o tempo. Polo menos, en caso de resultado negativo, sempre serviría pra saber onde hai utilaxe ó libre e onde non.

(1) Boletín Arq.^a de la Comisión provincial etc. de Ourense, número 165.

tria. Consisten en unha peza de cuarcita roldada e lascada n-unha das caras rematando en punta mais ou menos aguda. Conservan na face posterior e na base, que serve de puxío, a superficie natural do seixo.

Sua técnica é moi primitiva, e compréndese qu-los pirmeiros achádegos isolados que

(1) Conde de la Vega del Sella.—«El Asturiense. Nueva industria preneolítica». Memoria núm. 32 da «Comisión de investigaciones paleontológicas y prehistóricas». Madrid 1925.

(2) H. Obermaier.—«Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia», Boletín Arq.^a da Comisión provincial de Monumentos de Ourense, núm. 148.

(3) E. Jalhay.—«A Estación asturiense de La Guardia», página 88.

se fixeron de tales pezas, fose considerados como do paleolítico inferior.

«Para obter os picos—dí o erudito R. de Serpa-Pinto (1) comenzábase o lascado da punta pr'a base, retocando as imperfezóns producidas».

A forma dos picos é variadísima, obedecendo mais ó feito dos seixos iós azares da industria que os diversos usos en que poísen empregarse.

En xeral facianse d'un seixo alongado,

ral do seixo, tan solo na cara posterior estando a de diante lascada en toda sua estensión (fig. 4). En Area Grande tamén hai relativa abundancia de picos *espalmandos*, mais a non mediar a autoridade do prestixioso arqueólogo nós non veríamos ahí unha modalidade sinón unha imperfección da industria. A parte inferior dos picos *espalmandos* non forma gume, como parez deducirse da sua forma, pol-o menos en catro picos de iste feito que conservo.




Fig: 3^a

mais ás vegadas, tamén utilizábanse mais curtos e inda cásque redondos como o da fig. 2. Tamén é regra xeral que o lascado sexa por unha sola cara, mais na fig. 3 represéntase un, tallado pol-as duas, i-o que atopei n-unha rúa d'A Guardia (de que falei atrás) tamén é bifacial.

O P. Jalhay describe un tipo de pico especial de eiquí, ó que chama *espalmando*. Este destinguense por conservar a superficie natu-

Serpa-Pinto aprecia outro tipo de picos que chama *arredondados* (1). Salvo ó representado na figura 14 de seu dito traballo (que nós incluiríamos no grupo de *machados de abano*) os outros que aparecen na Estampa VII son, ó noso xuizo, picos ben diferenciados, desgastados pol-o mar ou pol-o tempo, ou con defeutos de talla.

É precisamente iste mesmo señor (2) quen dí que moitos instrumentos non obedecen a

(1) R. de Serpa-Pinto.—Op. citada, pág. 32. Por tratarse de estazóns parellas ás nosas, hei de citar e seguir con frecuencia, iste concenzudo traballo.

(2) Serpa Pinto.—Op. citada, pág. 20.

(2) Id. id. id., pág. 21.

necesidades de utilización, sinón a modalidades de fábrica.

N'A Guardia abonda ista crás de picos nunha gradación que vai dos mais arredondados ós mais agudos, non sendo dadeo sinalar unha liña que os separe con claridá.

Hai outros picos, que chama *hachuelas* o Conde de la Vega del Sella. Son derivadas dun seixo cilindroideo e alongado, apuntando nunha estremidá. As veces a punta é arredondada facendo un pequeno gume, que xustifica o seu nome de *hachuela*, mais outras, como na fig. 5 (1) preséntase perfeuta-

caracterizados porque a superficie natural do seixo na cara anterior prolóngase hasta mais da metade do pico. Iste instrumento deriva dun seixo apranado, isto é, de pouco grosor. E esa a única causa da sua particularidade.

A fig. 6 representa un curioso pico procedente de Arca Grande. (1) Foi formado dun seixo cilíndrico partido ó medio no sentido do longo e apuntado por medio de duas pancadas que ó desprender as lascas deixaron unha arista limpia como pode verse na figura. A cara posterior conserva a superficie




Fig. 4.²

mente diferenciado, i-o mesmo pode observarse no que reproduz o P. J. Carballo na sua «Prehistoria» que foi o primeiro instrumento d-esta industria descuberto, seis anos antes dos achadegos do Conde de la Vega.

Ista crás de picos non abonda porque tamén son escasos os seixos que os xeneraron.

En troques son mais frecuentes os picos que chama *ancorenses* Ruy da Serpa-Pinto,

do seixo, mais a anterior é prana e presenta a sinal da fractura. Coidamos que ista fractura non foi interminal e que o home *asturiense* limitouse a *apuntar* un seixo que atopou disposto n-isa forma.

As figuras 7 e 8 amostran dous tipos de picos—o derradeiro *ancoreñense* (2) procedentes do *Mata deiro*. Como pode ollarse, na sua técnica infruiu a forma do seixo.

(1) Entregado ó Sr. Castillo con destino á Real Academia Galega.

(2) No Museo de «Pro Monte» n'A Guardia.

(2) Entregado ó Sr. Cuevillas pra o Museo en formación de Ourense.

MACHADOS DE ABANO

Xa dixen os motivos de darlle tal nome, que acho apropiado, e que lle da o ilustre P. Jalhay.

Son grandes pezas líticas de hastra 2 kilogramos de peso, derivadas d'un seixo tallado por unha ou pol-as duas caras, formando un *tranchant en eventail*, xa curvilíneo e inda poligonal collendo tres lados do seixo, xa sensiblemente retilíneo. Iste instrumento

os *fendedores asturienses* do Conde da Vega do Sella.

POUTADAS

Son os pesos de rede e dáselles ese nome antr'a xente de mar da bisbarra d'A Guardia.

Consisten n-uns seixos pequenos, aplaínados con duas escotaduras pra poder amarralos c-unha liña.

Seu tamaño é moi vario, mais pódense




Fig. 5.⁷

pol-o seu peso debiu usarse co-as duas mans.

Abonda n-algunhas estazóns. Na *Cedrea de Silva* contei hastra 30, como digo n-outro lugar, e co-a particularidá de non haber apenas outra crás de utensilios. Tamén queda dito que na citania do Trega hai gran cuantía d-elas.

N-iste grupo comprendemos algúns *picos arredondados* de Serpa-Pinto, como o da figura 14 do seu citado traballo, os *coups-de-poing* de Fontes das figuras 1, 5 e 9 e aca-só algunha mais do seu dito traballo, e coí-damos que tamén encaixarían n-iste grupo

xuntar en dous grupos: «poutadas grandes» e «poutadiñas».

Pirmeiramente, ó ser descuberto nas citanias do interior, foron consideradas como *pesos de tear*, e dispois, ó aparecer nas estazóns da beiramar, xa se lles chama *pesos de rede*.

O Sr. Serpa-Pinto (1) supón que as *poutadas* meirández das citanias do interior (Bri-teiros, S. Xulian) serían *pesos de tear*.

Nos non concordamos co-a opinión do ilustre arqueólogo lusitano. O noso xuicio as

(1) R. de Serpa Pinto.—Op. citada. Nota 3.^a da pax. 29.

poutadas grandes son as propias das redes pois as pequenas non teñen peso pra as arrastrar, máisime si temos en conta que n'aquelas remotas idades, as redes facianse de codias de arbres, ou de fibras moi toscas, sempre mais pesadas que hoxe. O feito de aparecer nas citanias do interior nada di en contra d'ista opinión pois podían utilizarse na pesca fluvial; mais, en derradeiro termo, non vemos inconveniente en que tamén fosen utilizadas como *pesos de tear*.

As *poutadiñas*, por seu cativo peso, soilo podían ser usadas na pesca con liña. Craro está que isto supón o uso de anzó e por tanto prantea un problema de cronoloxía ó levar o uso d'iste instrumento pol-o menos hastra o *eneolítico*, tan posterior ó *asturien-*

NÓS

se. A menos que consideremos as *poutadiñas* como industria compretamente allea ó *asturiense*, tendo doada espricazón a sua coincidencia co-ista civilización nas estazóns epigeas, por ter alí unha i outra industria o seu depósito común de primeiras materias.

Podemos engadir que na ciania de Santa Trega aparecen as *poutadas* a par dos *anzós* de bronce e de ferro; e que inda hoxe algúns mariñeiros d'ista bisbarra utilizan as *poutadas*, grandes e pequenas, nas suas redes e liñas.

MANUEL FERNANDEZ COSTAS

(Continuado).

N. da R. Os dibuxos están reducidos a un cuarto do seu tamaño.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

DITOS REFERENTES A XENTES E POBOS (1)

De Ganade, na Limia.

Curre cás, en Barouzás;
Salta seves, en Paredes;
Campaneiros os de Zás; (2)
Gomariz, pé de perdiz;
Entre Baltar e Tixós
nacen moitas avisións;
Merendas, na Caridad;
Cás descalzos, en Medeiros;
En Villaza, caza-caza; (3)
Albarellos, cazafellos;
Entre Baltar e Godín
é unha xente moi ruñ;
Queima ceras, en Laroá;

San Mamede, xa me fede;
Soutelo, xa me pon medo;
¡Viva o lugar de Ganade
xunto co de Sabucedo!

Da Ría de Ares.

En Ares, non te pares;
en Redes, non te quedes
y-en Camouco, para pouco.

De Canedo, Ourense.

En Untes, bebe e non preguntas.

De Ourense.

Referíndose á mala sona que teñen os veciños da bisbarra do Pereiro de Aguir, dise a cotío: «a xente é do Pereiro».

Desinflazóns xeográficas en cantigas populares. (1)

(1) Véxase os números 38, 42 e 45 de «NÓS» onde se publicaron ditos referentes a xentes e pobos recollidos por Castelao en Carballeda (Cotovade); por Ben-Cho-Shey en Santa Marta de Moreiras, Ourense; e por Bouza Brey nas Rías de Arousa e do Eo; así como a nota do número 38.

(2) Campaneiros ou fousiheiros.

(3) Esta liña e a seguinte van ás veces invertidas.

(1) No número 58 de NÓS publicouse unha recollida de cantigas populares feita por R. M. L.

Baixa abaixo, *Castelaos*
que *Porqueira* xa baixó;
Ganade leva a vaia
porque sempre a levou.

Penín vello, *Penín* vello
e ruin porque o fan,
se lle botan a semente
tamén dá o azafrán.

Penín vello, *Penín* vello
de lonxe pareces vila
se non fora aquel outeiro
que ten o lado de riba.

Variante: no terceiro verso: «con aquela casa nova».

Lugarcíño da *Retorta*
de lonxe pareces vila
se non foran os carballos
que tés da parte de enriba.

Lugarcíño de *Mixós*
ó lexos pareces vila
se non foran os outeiros
que tés ó lado de enriba.

Adiós vila de *Verín*
paseadora dos guapos,
gastadora dos diñeiros
rompedora dos zapatos,

Adiós vila de *Chaves*
provincia de *Tras os Montes*
o dia que non te vexo
meus ollos son duas fontes.

Para *Vigo*, para *Vigo*
miña cariña de rosa,
para *Vigo*, para *Vigo*
esta terra non é nosa.

Si me queres escribire
te daré la dirección
Santa Marta de Moreiras
el pueblo de *Caspiñón*.

As tres primeiras cantigas están recollidas na parroquia de Ganade, na Limia; as outras, sacando a derradeira que dín be cra-

ramente a sua procedencia, recollínas en Mixós, lugar intresante do val de Monterrey.

BEN-CHO-SHEY.

TOPOONIMIA DO PARTIDO DE RIBADEU

COMUNICACIÓN PRESENTADA AO S. DE E. GALEGOS

A desgaleguizazón dos nomes de pobos, freguesías e lugares da bisbarra ribadense escomenzou n'o século XIV, por obra e desgracia dos alcaldes mores e dos segredarios que os señores do condado deron en traguer de Castela. D'aquil tempo data a chamarse *Eo* o riu que sempre se chamou *Eu*, e *Ribadeu* á vila que era (e pr'o pobo sigue sendo) *Ribadeu*. E tamén d'a época aquela veu o aumento d'unha *ele* nos nomes de Vilameá, Vilaodrid, Vilandriz, Vilaselán, Vilaframil, Vilavella, Vilaosende, Vilargondurfe, Vilafornán, Vilaoruz, Vilamariz, Vilarbotote, Vilanxe, Vilarin, Vilaeimil, Vilamar, Vilarfernando, Vilamartin, Vilarmide, Vilapercede, Vilarxubín, Vilarxuane, Vilarmirón, Viladaide e Vilagüiz.

D'ista noxenta castelanizazón salváronse, por rara casualidade, Vilar, Vilachá, Vilasusa e Vilela, quedando a medio traducir *Villaboa* e *Villapena*.

Continuada a obra dos criados dos condes polos segredarios dos concellos (que, como dí Lugris Freire, vivian en pé da mais andróxena cursilería) e mais polos descubridores de minas e polos xornalistas, axiña perderon a sua enxebreza nomes como: As Aceas, A Madanela, Couxela, Cereixido, Faxarda, Granxa, Gabos, Escataxugos, Requeixo, Roxoseco, Celeiro, Sanxés, Piago Mouro, Sanxillao, Nosa Señora da Ponte, Xudán, Campoxurado, Muruxal, Foxas, A Pontenova, Teixedais y A Virxe do Camiño, que agora dinse *Las Aceñas*, *La Magdalena*, *Cogela!*, etc., etc.

Cos que ainda non se meteu a castelanizazón municipal i-espesa é cos seguintes, que corresponden a lugares, ríus, montes e veigas do partido xudicial:

Abelleira, Abraira, Agolada, Anzas, Augadóce, Bacoreira, Balboa, Barreiras, Barreiros, Barreiriñas, Batais, Benquerencia, Bestilleiros, Boca de Canle, Bodegos, Cabana de Vila, Cabanas, Cabanelas, Cabodevila, Cachopa, Cadeira, Cagadoira, Canle, Caniero, Capela, Carballo, Carboeiro, Carrancón, Carreirachá, Carrizais, Casadaedra, Casal, Casanova, Castelo, Caxigueiro, Cedofeita, Cerdeiral, Cerdeiriñas, Cimadevila, Coedo, Coirón, Cómardogordo, Conforto, Corbeira, Corredoira, Coto, Coto de Fraides, Couso, Couto, Covacho, Covo, Curraida, Chao, Chaogrande, Chao dos Navais, Chousa, Escabeira, Esfolado, Entrasviñas, Espin, Espiñaredo, Espiñeira, Esteiro, Ferreira, Figueirúa, Foleira, Folgosa, Folgueirúa, Follabal, Fondodavila, Fontán, Fontela, Fornos, Foxacos, Fraga, Frieira a Nova, Frieira a Vella, Grandela, Graña, Guildeiros, Herbelle, Hermida, Ínsua, Insua, Lagoa, Lavandeira, Leirado, Lendeira, Liñeiras, Lodeira, Lóngaras, Loureiro, Lourido, Louro, Lousada, Marelle, Maizan, Margaride, Meirengos, Mestas, Molgueiro, Molinqueimado, Molos, Morgullón, Mousende, Navalvo, Noceda, Nogueiredo, Olgueira, Olleiros, Outeiro, Pacio, Paleira, Palmeira, Panturreira, Paradela, Pedaviña, Pedrasalvas, Pedregás, Pedreira, Pena, Pe-

nabor, Penacabaleiro, Penacova, Penafurada, Penagradada, Penaquente, Penatallada, Penavella, Penedo, Penela, Penizáis, Perelraparda, Pereiriñas, Pexegueiro, Picarolas, Pichoca, Piñeira, Pipelo, Pirubeira, Pontegorda, Pontigal, Portela, Portelo, Porto, Porto de Malle, Pousadoiro, Pozomouro, Promontoiro, Pumar da Pedra, Pumarega, Pumarrubín, Quintalonga, Regocorto, Regodaviña, Regodecabana, Regodegal, Regodomel, Regueira, Regueiral, Remourelle, Requiande, Retorta, Riudove, Saldoira, Saldoiriña, Salgueiro, Sampayo, Santalla, Santalla de Petelos, Santardeiro, Sequeiro, Senra, Silveira, Síñeira, Soenlle, Solleiro, Soutelo, Souto, Souto de Mogos, Sueiro, Terra-grande, Tolda, Tombín, Tombo, Trabada, Trabadosa, Valado, Val das Egoas, Val de Cainzos, Valín, Valindarcas, Valiña, Valiños, Veiga, Veiga da Paga, Ventanova, Verdega, Vidueira, Vilar das Pedras.

Todos istes nomes foron respetados hasto de agora. Non sería raro que os trocasen calquera día despois de hoxe: fai pouco que o Concello chantou n'unha parede un letreiro que dí: *"Calle de la Ruanueva!"* (as admiraciós poñémolas nós).

F. L. A.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

COTARELO NA ACADEMIA ESPAÑOLA O SEU DISCURSO

O tema escolleito pol-o Dr. Cotarelo e Valledor pra facel-o seu ingreso na Real Academia Española como representante da lingua galega, non pode ser mais suxestiva. O discurso, escrito en castelán, comenza c'un eloxio da lingua, da poesía e do paisaxe da Galicia. Entrando na materia, dóese do exceso de lirismo e falta de información que arrodea a lembranza do almirante-poeta. Nin hai seguridade no seu nome: quizais fose Cariño que s'atopa en documentos de Pontevedra. A sua estirpe pode vir da casa

de Aldán ou Aldao enlazada c'a dos Mariño. Debeu ser de Pontevedra conforme antiga tradición e o feito de ser enterrado na eirexa de San Francisco d'aquila vila, onde tivo casas e herdades. Sin dúbida afeizado, dende neno, á mar, foi un destemido nauta; a tradición atribuille papel esenzial na conquista de Sevilla. O Dr. Cotarelo insiste no carauter de cruzada que tivo pr'os galegos aquila empresa, e o amor do rei Fernando ós galegos e ós linaxes, e troveiros da nosa terra que tiveron sona na corte e heredamentos na conquista. Apesares do silencio das crónicas moitas coincidencias dan eisatitude á tradición ainda que se non poda demonstrar pol-o agora, o papel decisivo da

não de Chariño no rompimento da ponte de barcas que xuntaba Sevilla e o barrio de Triana. Señor da vila de Rianxo como s'acredita documentalmente da sua descendencia, estivo casado con D.^a María Xiráldez Maldoado. A sua maior actividad literaria corresponde ó tempo de Alfonso X, e do seu fillo Don Sancho tivo o tido d'Almirante e protexeu a Pontevedra cando o viaxe do Rei a Galicia, en romaxe a Sant'Iago no ano 1286. Despois privado do seu posto ataca en algúns poemas a lixeireza do Rei que sin embargo nomeao no 1292 Adiantado da Galiza confiandolle misións d'importanza na loita contr'a nobreza. N'a anarquia que segue á morte do Rei toma o partido do Infante Don Xohan; i-estando co iste nunha debesa preto de Ciudad Rodrigo foi asesinado Chariño por Rui Pérez Tenorio tamén pontevedrés e pai d'ilustre proxenie. Morre o almirante-poeta n'outono do 1295 no seu ano setenta tendo nado probabemente no 1225. Despois da comprida biografía na qu'é de notar a certeira crítica con que o confirma no tido d'Almirante, estuda Cotarelo a Obra poética de Chariño. Fixa as datas das descobertas que permiten estudar en textos seguros as vinteito cancios nas que o señor de Rianxo xuende predomínantemente com'un poeta do mar, de noble estilo, que rechaza as cantigas de escarnio, e loce nas de amor un ergueito sentimento propio da independencia artística do autor que ostenta feiticeira orixinalidade nos seis «cantares d'amigo» semellantes algunas no metro e aire musical ás de Martín Codax e Xohan Zorro, de fondo enxebremente galego com'asegura a Señora Michaelis de Vasconcellos. Cotarelo opina que no século XIII había xa abondo de diferenças entr'os romances galego e portugués que se non poden apreciar pola imperfección das copias qu'integran os cancioeiros.

Na sesión d'ingreso celebrada o 7 do deradeiro Abril contestou en nome da Academia o Sr. Maura Gamazo, Conde de la Mortera. Fai o eloxio de Cotarelo, indicando as variadas direccións da sua vida de escritor, investigador, crítico e profesor, especialmente notabre na monografía histórica e no amor ó idioma e ás glorias galegas. «Su vocación es tanto más espontánea quanto que no ha nacido en tierra gallega, sino en el inmediato confín asturiano, en el privilegiado rincón de Ribadeo, orgullo de propios y admiración de extraños» afirma o Sr. Conde home chamado a un papel importante na política española.

Nosa embora ó Dr. Cotarelo. C'o seu fermoso i-erudito traballo engadiu unha obra fundamental á bibliografía encol da Galiza que tanto debe á laboura do noso admirado mestre e colaborador.

CERTAME GALEGO-AMERICÁN DE MONTEVIDEO

PRA o Certame orgaizado polo «Centro Gallego» de Montevideo, pra comemorar o cincuentenario da sua fundación, a Academia Gallega dá notiza de ter recibido os seguintes traballos:

Ao tema I, «La Universidad Gallega: su pasado, su presente y su porvenir», un traballo, núm. 26 dos recibidos, lema. «Lope Gómez Marzoa».

Ao tema III, «Galicia en la historia de América», un traballo, o núm. 12, lema: «Hermana Galicia, limosnera ciega, etc».

Ao tema IV, «Fomento del Turismo hacia Galicia», seis traballos, números 1, lema: «Hernando de Salazar»; 7, lema: «El que labora por su pueblo labora por la patria»; 10, lema: «Saentis»; 17, lema: «Luso»; 19, lema: «Espenuca»; e 28, lema: «Conocerse para estimarse».

Ao tema VI, «Inventario de tesoros artísticos en Galicia», un traballo, o núm. 24, lema: «Labor ipse voluptas».

Ao tema VII, «Contribución al estudio de la Historia de Galicia», dous traballos: número 6, lema: «Ideal y Lealtad», e número 27, lema: «Galicia».

Ao tema IX, «Estudio integral del Renacimiento gallego», un traballo, núm. 22, lema: «Dieu et mon droit».

Ao tema X, «Novela de ambiente gallego», cinco traballos, números 16, lema: «Desbruzado na fenestra, etc»; 18, lema: «Lonxe da terrifa»; 20, lema: «Mañana»; 32, lema: «Esperanza y fé»; e 25, lema: «Mariñana».

Ao tema XI, «Colección de versos en gallego», once traballos: números 2, lema: «Multa pancis»; 3, lema: «Anduriña»; 4, lema: «Montevideo, etc.»; 5, lema: «Canta, miña terra, canta»; 8, lema: «Amparademe»; 9, lema: «Era un home, etc»; 11, lema: «Era com'un sol, etc»; 13, lema: «Pensando en Montevideo, etc»; 14, lema: «Vai facer cincuenta anos, etc»; 15, lema: «Ouilde folia de trevo etc»; e 21, lema: «Bayón».

Dous traballos optantes ao tema XI foron declarados fora de concurso.

En resumo, a predominancia dos versos —foran illes bós!— é verdadeiramente dina de nota. Séguelle as novelas. En fin, a literatura; en troques escasean os traballos d'outra casta, e mais así e todo, non son os literarios os traballos que hoxe coidamos que predominan en Galiza.

CONFERENCIAS EN LUGO

O Circo das Artes de Lugo, seguindo a sua longa tradición cultural, orgaizou iste

ano un intresante curso de conferencias. Antre os chamados a dalas, fóreron os nosos compañeiros Ramón Otero Pedrayo, que disertou en col da obra de Teixeira de Pascoaes, e Vicente Risco, que falou d'Etnografía. Co gallo d'estas confréncias, os nosos compañeiros tiveron ocasión de falar unhas horas co intresante grupo d'intelectuás lucenses, volvendo moi satisfeitos do espírito que os anima e das atencíos que con iles tiveron.

EXPOSICIÓN EN SANTIAGO

No Salón de «Amigos del Arte» abriu unha exposición das suas obras o pintor pontevedrés Luís Pintos Fonseca, colaborador de NÓS, a quien desexamos o éxito que de certo merez.

FESTA DOS MAIOS

ORGANIZADA pola Asociación da Imprensa, celebrouse n'Ourense a tradicional e simpática festa dos Maios, presentándose ao concurso cinco maios, catro da forma consagrada, e un de pantesia, representando unha fonte barroca.

Tamén se celebrou con concurso e prémios, en Pontevedra.

LETRAS D'A FORA

Nox lle estrane que Mistral non escriba non dispón d'un istante de seu. Mistral que non é somentes un gran poeta sinón tamén un gran político, está metido na preparación dos grandes acontecimentos que un día estralarán. Está chamado a un papel tan importante com'os de Vitor Hugo e Lamartine. Istañas líneas dunha carta de Balaguer a un amigo datadas de Febreiro do 1867 evocan a Mistral pouco conocido pois estamos acostumados ó ceibe mozo campeón de Mirella e á ditosa paz do vello poeta qu'escribia no reló da *masía* de Maillane: «Ledo lagarto bebe o sol. ...O tempo decorre ben aixiña— e quizais choverá mañan.» Mistral e Balaguer, grandes amigos, loitaron pra chamar dos seus tronos a Napoleón III e a Isabel II, pra establecer a república federal. En Avignon outro poeta Bonaparte Wyse adicoullou un brindis proenyal: «Ouh, musa de Mireya e do forte Calendal, borracha do viño de Deus! e tí Hugo da Caluña forte lanzador dos raios! Mais os outros republicanos franceses non podían axudar a quen teimaba, destroindo os departamentos e volvendo á vida ás antigas rexións, arroinar os principios do 1792. Zota fala de Mistral:

NÓS

«Poeta, xefe de partido, lingüista e revolucionario.» Disfrutaba d'unha imensa popularidade na Provenza e no Languedoc. Felibres e cataláns fraternizaban: no 1867 os segundos ofreceron a Mistral unha copa de prata onde iban grabados dous versos seus: «Ouh! si me souperan ouvir—Si me quixeran seguir.» O 68 os felibres—Mistral, Bonaparte Wyse, Roumieux e Meyer—devolveron o agasallo cando Balaguer foi eleixido Presidente dos Xogos franceses. Banquetes, ovacions, festa no Montserrat. Mistral recitaba o «Saúdo os Cataláns»: «Provenza e Cataluña son duas irmáns fillas da Ius soridente. Un dia chegaron os novos. — Adeus, unha diu a máis ó Rei de España, c'os Franceses casouse a outra—Tanto ténl as nobres e fortes razas non esquecen endexamais as glorias do seu sangue.» No Setembro a revolución de Cádiz. Os federalistas españoles ficaron esquenados. Deseguida a guerra franco-prusiana, a república; na España, Amadeo e o 11 de Febreiro. Mistral, n'istes anos pasou por unha crise fonda: dálle noxo a república de Versailles, tén medo da Internacional, como bô labrego trema pensando na guerra civil. Mistral lóxico cos seus sentimientos atopa qu'os calristas son os defensores das liberdades rexionais contra o liberalismo centralizador e compón un canto en honra de D.º Branca de Borbón: —«Doña Blanca, lis d'España ditoso quen fai a campaña contigo, ditoso quen morre ós teus pés.» Diant'a surpresa dos amigos cataláns Mistral escribelles: —«Fadigado, enoado da latricada dos abogados democráticos que arroinan, matan e redicolizan ó probe mundo latino, vin con pracer á xoven princesa que se bate pola tradición da sua raza—» No «Midi» o calismo era popular e xuntábase co partido de Chambord.

Moitos anos despois seguía defendendo o papel politeco do felibrismo: Federación dos pobos, confederación latina, renacenza das rexións n'unha irmandade ceibe e natural. Manifestaciós d'ista idea foron as festas do centenario do Petrarca (1874) e os Xogos franceses de Montpellier (1875 e 78). Os primeiros asistiu o embaixador da Italia conde Nigra, e o catalán Quintana cantou as glorias dos pobos mediterráneos. Nos segundos o poeta rumano Alexandri levou o premio do tema «Oda á raza latina». En todas elas Mistral dixo maravillosos discursos que tiñeron grande sona pois lembrando a hestória d'aquél tempo sintese de que xeito as festas literarias da Provenza espertaban sonoridades europeas e tiveron inflorescencia na biblioteca. Como sempre algúns paisanos de Mistral foron encarregados de teimar poñer en redícola a lingua proenyal como arcáica, provincial, contrárea o progreso, e outros

argumentos ós qu'estamos acostumados en Galiza. Mistral mantivose á outura da sua misión: celebrando no parque de Sceaux o cuarto centenario da xuntanza da Proenza c'a Francia dixo no seu discurso diante todos-as «élites» do norte: —«Fai catrocentos anos qu'os Estados xenerales da Proenza dixerón á Francea: xuntámonos contigo, non com'un acesoreo que vai ó principal, sinón com'un principal que se xunta a outro principal, é dicir que nós gardaremos as nosas nosas liberdades, as nosas costumes, a nosa lingua. Nós non queremos qu'os escolantes enseñen ós rapazes a desprezar a lingua e as cousas da nosa casa — e si calan os nosos diputados e senadores, nós os poetas representantes do pobo pol-a gracia de Deus, protestaremos eternamente.» París fai homaxe a Mistral qu'en rechaza un sillón «sous la comsole». O poeta mantén ergueita a bandeira no seu periodeco «L'Ajoli». Simpatiza con Mallarmé, profesor do Liceo d'Avignon. Cando moitos felibres guiados por un senso de repubicanismo anticrístico apartábanse do ideal federalista Mistral sostíñao c'a enerxía d'un mozo. Tíñabódiscípulos, entr'eles Ch. Mau-ras un dos autores da «Declaración dos xóvenes felibres» no 1892 no que se di: «Nós somos autonomistas e federalistas e si en algúha parte, no Norte, algún pobo quer marchar connosco, tendémosselle a man. Un grupo de patriotas bretós demanda o restabelecimento dos Estados da sua ilustre terra. Nós, estamos c'o istes Bretós.» A nova xeneración estaba formada e disposta. Mistral, xa arredor dos sesenta anos, ledo da sementeira e do novo froito espranzado, adicouse a traballar nos seus poemas e libros e na fundación do Museo de Artés, índice do vivir da Proenza, orgaizado polo seu mórpoeta.

R. O. P.

LIBROS

ARTUR DE MAGALHÃES BASTO. — «NA AGONÍA DUM RÉGIMEN. OS ÚLTIMOS ANOS DA VIGÉNCIA DO FORAL DO PÓRTICO». Coimbra, 1928.

O erudito investigador Magalhães Basto fixo separata do traballo que deu a luz «O Instituto» facendo estudo da carta-foro que, dada ó Porto pol-o bispo Don Hugo en 1123 e dempois de sete séculos de vixenza, veu morrer, atravesando episodios luctuosos de constitucionais e absolutistas e resistencias mais ou menos diplomáticas entre o poder civil e o egrexástico, en definitiva, a mans do Mousinho da Silveira, o esilitado

de París, na lei de 13 de Agosto de 1832 abolido os dereitos forais. Todo elo constitue interesante episodio da historia interna portuguesa nun período tan agitado como o que a principios do século XIX viviron os nosos irmáns veciños, cujos liberaes emigrados dempois da revolta portuense de 16 de Maio chamada *Belfastada* foron acollidos por Galiza garimosamente facéndoselles docce a fuxida da sua pátreia.

Unha vez mais o Sr. Magalhães Basto danos boa proba dos seus talentos que tanto levan alumeados a historia contemporánea de Portugal.

F. B. B.

REVISTAS

A NOSA TERRA, 1.º Abril, 1929.

SUMARIO: *Ao decorrelar os días. — A terra prometida*, por R. Otero Pedrayo. — *Con ferreiras e pandeiro*, por Damil. — *Versos de X. Lamendín*. — *O sentimento nazionalista e o internacionalismo* (proseguimento) por Ramón Villar Ponte. — *Un comentario sobre o tema do turismo*, por Fiz Mosteiro. — *Homenaxe aos mortos. — A festa da arbre froital. — Días*, por Antón Goy Díaz.

BOLETÍN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, Cruña, 2 Marzal, 1929.

SUMARIO: Retrato del R. P. Celestino García Romero. — *Puentedemne y su comarca* (continuación), por Antonio Couceiro Freijomil. — Sección oficial: *Junta ordinaria de 23 de Febrero de 1929; Junta Extraordinaria Pública de 23 de Febrero de 1929* (Recepción de Vicente Risco); *Obras adquiridas por compra y donación, revistas y periódicos*. Noticias: *Relación de los trabajos recibidos para el Certamen Gallego-Americano de Montevideo* (que reseñamos aparte). — *Colección de documentos históricos*.

GALICIA CLÍNICA, A Cruña, 15 Abril, 1929.

RECIBIMOS o primeiro número d'esta notable revista médica que se publica na Cruña, e cuia aparición, coma a de todo esforzo científico que se faga na nosa Terra, que tanto precisa d'elo, saúdamos con agrado, considerando aos que n'ela escriben coma compañeiros de traballo na obra da renacencia galega. Aplausamos tamén o seu propósito de facerense órgano dos médicos de Galiza e de traballaren pol-a sindicación profesional dentro da rexión.

O número trai os trabalhos seguintes:

Nuestros propósitos. — *Peritaje médico en accidentes del trabajo*, por o Dr. Aurelio Gutiérrez Moyano. — *Estado actual de la Patogénesis y del tratamiento del Cáncer*, por Dr. A. Montes Najera. — *Sobre enucleación prostática trasvesical*, por Eliseo Sánchez Otero. — *Sobre la Ptosis gástrica*, por Dr. J. Wertheimer. — *La Sanocrysina en la tuberculosis pulmonar*, por Plácido Peña Novo. — *Un caso de meningitis*, por Dr. Aurelio Gutiérrez Moyano. — *Tratamiento de las adenopatías bacilares por los agentes físicos*, por A. S. M. — *Paraplegia familiar espasmódica*, por Dr. Eduardo Pérez Heredia. — *Los especialistas. — El parto a hora fija*, por el Prof. Pablo Delmas, de Montpellier. — *Laboratorio del práctico. — Notas sueltas. — Jubilación de Médicos titulares*, por F. Alemany.

A ÁGUILA, Nobro, e Debro, 1928, Porto.

SUMARIO: *O Açoriano e os Açores*, por Vitorino Nemesio. — *Notas biográficas sobre Eça de Queiroz*, por Adolfo Casais Monteiro. — *Fraseu sem nexo*, por Sant'Anna. — *Letras galegas*, por V. R. — *Colegial* (poesia), por José Régio. — *Soneto*, por António de Sousa. — *Ilustração, Apontamentos*, por Carlos Carneiro. — *Bibliografia*, por A. C. M. e J. S. D.

O INSTITUTO, Coimbra, 4.*
Série, volume 5.º num. 5.

SUMARIO: *Sciencia e espionagem. — Na véspera da guerra das laranjas*, por Fidélino de Figueiredo. — *O ensino da morfologia humana*, por Geraldino Brites. — *Subsídios para a história da música em Portugal*, por Sousa Viterbo. — *Nota sobre o novo poema «Sulamite» de Manuel da Silva Gaio*, por Silvio Lima. — *Sur la courbe de von Koch*, por Vicente Gonçalves. — *Raises da alma latina*, por Estanço Louro. — *Varia. — Publicações periódicas*.

BIBLOS, Coimbra, Janeiro e Fevereiro, 1929.

SUMARIO: A. Gonçalves, *Joaquim de Vasconcelos*. — Hubert Gillot, *Chateaubriand*. — José Maria Rodrigues, *A dupla rota de Vasco da Gama em «Os Lusiadas»*, V, 4-13, e as objecções do Sr. Almirante Gago Coutinho. — Vergílio Correia, *A Arquitectura em Portugal no século XVI*. — Mario Brandao, *Os Professores dos Cursos das Artes nas escolas do Convento de Santa Cruz, na Universidade e no Colégio das Artes de 1535 a 1555*. — Guido Battelli, *Domenico Vandelli e il Giardino Botanico de Coim-*

bra. — Leon Bourdon, Boletim bibliográfico da Sala francesa. — Varia: Bicentenario do nascimento de Lessing. Sessão comemorativa na Faculdade de Letras. — P. Jose dos Santos Mota, Métrica de Camões.

BROTÉRIA, Pórtio, Abril, 1929.

SUMARIO: *O Papa*, por Raúl Machado. — *De Desio ao Vaticano*, por Raúl Machado. — *Sete anos de Pontificado*, por Paulo Durão Alves. — *Tres grandes aspirações*, por Paulo Durão Alves. — *Pio XI e as Sciencias*, por Eugénio Jallay. — *A Questão romana*, por Raúl Machado. — *O Jubileu de 1929*, por J. Creusen. — *Teresinha*, por Paulo Durão Alves. — *Notas bibliográficas. — Obras recebidas na Redacção. — Ésemérides*.

AN OALED, Carhaix, Cornouaille, Bretagne, primer trimestre, 1929.

SUMARIO: *Armórica. — Le Foyer*, par Le Besgue. — *Les minorités mondiales*, par Taldir. — *La question d'Alsace au Parlement. — Reponse à des essais critiques*. — *Déraciné* (suite), par Leon Le Berre. — *La belle histoire de M. Saint-Hervé*, par Pierre Allier. — *Un bardo jacobin* (suite), par Le Mercier d'Ern. — *Arthur de la Borderie*, par A. Le Cairn. — *Buez eur paour Kez Kouer*, gant Juluan Godest. — *Er Veneliz*, gant Gwenfrewi. — *Pajenad ar Varzonies. — Chronique de la Lutte. — Echos et Nouvelles. — Kalon Anna. — Bibliographie. — Carnet de nos Abonnés. — Annonces*.

Esta revista armoricán, cuio tíodo ven ser o fogar breton, é a continuadora de *Le consorium breton*, e o boleío trimestral do rexionalismo bretón e do bardismo, administrado por M. M. Jaffrennou, Dr. Cottonec e Dr. Menguy, aparecendo en Carhaix, no Cornualles bretón. Ela danos novos do movemento politeco, literario e económico da Armórica renacente, insere notabilissimos trabalhos literarios e eruditos, e concede fonda atención ao movemento renacente de todal-as terras céltigas e d'outros países do mundo. No número que reseñamos, ven unha nota referente á Galiza feita polo noso ilustre amigo, o bardo Taldir (M. Jaffrennou) que reproducimos n-outro lado.

NÓS, ao acusar recibo da revista irmá, envía un saúdo fraternal aos condutores da fermosa renacencia da Armórica, e fai os mais ferventes votos polo seu trunfo e polo grandeza da Céltiga futura.

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGABADO

Si quer qu-os seus fotogabados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotogabado ESPASA-CALPE S. A.
Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa apareceu
o segundo libro de

C O U S A S
por CASTELAO.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia
LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos estabre-
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida
por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRÚRGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o

"Jabón Sales de la Toja",

único que ás suas altas calidades meicifás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA
UNICO EN EL MUNDO**



O Xabróñ da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
Boticas, Drogueirías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagós-camas de
todol-os trés

As mais indicadas en casos
de artrismo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenças do
aparello dígestivo, anemia
e neurastenia

Riquísima auga de mesa
gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO
a 35 kilómetros de Vigo